

Información básica sobre Protección de datos para os participantes

Responsable do tratamento: Bershka BSK España, S.A.

Finalidade e base de lexitimación: Se decides participar na Campaña promocional, usaremos os teus datos para xestionar a túa participación nesta Campaña promocional e o seu desenvolvemento e, no seu caso, comunicarnos contigo se resultases premiado.

A base legal para o tratamento dos teus datos é a execución das condicións establecidas nestas Bases legais.

Destinatarios dos datos: Compartimos os teus datos con provedores de servizos e colaboradores de dentro e fóra da Unión Europea que nos dan soporte para a xestión da Campaña promocional e facémolo coas garantías apropiadas e gardando a seguridade dos teus datos.

Dereitos: Tes dereito a acceder, rectificar ou suprimir os teus datos persoais, ademais doutros dereitos detallados na cláusula décimo quinta das bases, contactando con dataprotection@bershka.com. Para identificar a túa solicitude, indica o dereito que desexas exercer, así como a referencia: **SORTEO VIAXE A LONDRES CON VOOS, CONCERTO DE MADISON BEER, HOTEL E MÁIS DO 28 AO 31 DE MAIO DE 2026**.

Información adicional: Convidámoste a ler a información completa respecto á privacidade incluída na [Cláusula décimo quinta das presentes bases](#) e a Política de privacidade dispoñible en www.bershka.com.

BASES DA CAMPAÑA PROMOCIONAL: SORTEO DUNHA VIAXE A LONDRES CON VOOS, CONCERTO DE MADISON BEER, HOTEL E MÁIS DO 28 AO 31 DE MAIO DE 2026

Primeira.- BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A., sociedade unipersonal, con domicilio social na Avenida da Deputación, Edificio Inditex, Arteixo, A Coruña, inscrita no Rexistro Mercantil da provincia da Coruña, no Tomo 1.980 do Arquivo, Sección Xeral, Folio 179, Folla C-19.163, con N.I.F. número A78276854, con teléfono de contacto 900 456 003 e correo electrónico contact_es@bershka.com (en diante, o “Promotor”) pon en marcha a presente Acción Promocional (en diante, a “Acción Promocional”), que se rexe polas presentes bases (en diante, as “Bases”).

Descrición da Campaña promocional:

- **Medio de organización e difusión:** Organizada a través da páxina web de Bershka, comunicacións a través de Newsletters e a App propia de Bershka, en diante conxuntamente o «Sitio web».
- **Ámbito de participación:** Ámbito de participación: calquera persoa física residente legal en España, Francia, Reino Unido, Países Baixos, Alemaña, Luxemburgo, Austria, Suíza e India, e que cumpra os requisitos de participación establecidos na Cláusula Segunda das presentes Bases (en diante, os “Participantes”).
- **Descrición e temática da Campaña promocional e procedemento de participación:**

A Campaña promocional consiste nun sorteo dunha viaxe que inclúe voos, hotel, entrada dobre para o concerto de Madison Beer e máis, do 28 ao 31 de maio. Este sorteo está directamente ligado a que o usuario deixe o seu enderezo de correo electrónico; non require subscripción, só se o usuario decide participar de xeito proactivo.
- **Datas de participación:** Do 16/04/26 ás 10:00 h GMT+2 ao 20/04/26 ás 23:59 h GMT+2.
- **Data de elección dos gañadores:** 21/04/2026.

- **Forma de elección dos gañadores:** De entre os Participantes, seleccionarase 1 gañador dunha viaxe para 2 persoas, voos, hotel, entradas dobres e máis (en diante, individualmente un «Gañador» ou conxuntamente os «Gañadores») de xeito completamente aleatorio.
- **Premio:** 1 viaxe para 2 persoas, voos, hotel, entradas dobres e máis (en diante, o «Premio»).
- **Valor aproximado do Premio:** O Premio para dúas persoas está valorado en aproximadamente 1200 €.
- **Data e lugar de publicación dos Gañadores da Campaña promocional:** Os gañadores recibirán a notificación o 21 de abril de 2026 por correo electrónico e/ou por teléfono.
- **Data límite para que os Gañadores respondan ás comunicacións do Promotor:** Os Gañadores dispoñen dun prazo de 48 horas, a partir do envío da primeira comunicación, para responder aceptando o Premio ás comunicacións do Promotor nas que saiban da súa condición de Gañadores.

Segunda.- Poderá ser Participante calquera persoa que cumpra os requisitos indicados nestas Bases e que (i) teña polo menos 18 anos de idade, (ii) teña capacidade legal para vincularse e consentir de acordo coa súa lexislación aplicable, (iii) sexa un usuario lexítimo da rede social a través da cal, se é o caso, se desenvolve a Campaña promocional (en diante, a «Rede social»), de acordo coas condicións e termos de uso de dita Rede social, (iv) lea e acepte estas Bases e (v) cumpra co procedemento de participación establecido nestas Bases, proporcionando de forma veraz e completa a información e os datos que o Promotor poida requirir para xestionar esta Campaña promocional.

Os empregados de Inditex non poderán participar.

É fundamental que os usuarios estean rexistrados no programa de fidelización BERSHKA MMBRS para participar.

A Campaña promocional é gratuíta, polo que os Participantes non teñen que pagar ningunha cantidade para participar nin mercar ningún produto ou servizo con antelación.

Así mesmo, aos Participantes que o soliciten e que conforme á súa normativa aplicable teñan dereito a facelo, o Promotor reembolsaralles os custos de conexión necesarios para a participación na Campaña promocional ata un máximo de 3 minutos de conexión por Participante. As conexións gratuítas non xerarán dereito de reembolso. A solicitude de reembolso deberá cumprir os seguintes requisitos: (i) solicitude por escrito enviada ao Promotor ao enderezo indicado na cláusula Primeira antes de transcorridos 15 días dende a data de finalización da Campaña promocional, (ii) indicar o nome, enderezo e correo electrónico do solicitante, (iii) incluír a copia da factura do fornecedor de servizos detallando os custos incorridos na conexión para a participación na Campaña promocional, e (iv) indicar os datos bancarios nos que realizar o reembolso.

A solicitude do Participante, no caso de que, conforme á súa normativa aplicable teña dereito a solicitalo, tamén se lle reembolsarán os gastos de envío aplicables en cada momento (peso de 20 gramos). Os reembolsos efectuaranse no prazo de 60 días dende a recepción da solicitude, tras verificar que esta cumpre cos requisitos indicados, incluída a adecuación da información facilitada con aquela derivada da participación na Campaña promocional.

Terceira.- Os Participantes participan na Campaña promocional baixo o seu exclusivo risco e responsabilidade. O Promotor resérvase o dereito a solicitar en calquera momento a acreditación do cumprimento dos requisitos especificados en calquera das cláusulas das presentes Bases.

Cuarta.- O Promotor xestionará a Campaña promocional a través do Sitio web, empregando para iso, e aos efectos de darlle a máxima publicidade, todo tipo de medios e recursos de Internet, entre outros calquera páxina web do Promotor e as pertencentes ao Grupo Inditex, así como os seus respectivos blogs e perfís en redes sociais (en diante conxuntamente os «Medios web»).

Quinta.- O Promotor resérvase o dereito a modificar, total ou parcialmente, as presentes Bases no caso de que se producisen circunstancias que impedisen a súa realización previa comunicación pública a través do Sitio web ou por calquera outro medio polo que se dea publicidade ás Bases, a fin de evitar calquera prexuízo para os Participantes, incluído o depósito das bases ante funcionarios ou autoridades nacionais así como a interromper ou finalizar a Campaña promocional en calquera momento. As presentes Bases estarán dispoñibles publicamente a través do Sitio web para a súa consulta por parte dos Participantes, así como para o seu envío de forma gratuíta aos Participantes que así o soliciten mediante carta dirixida ao enderezo indicado na Primeira cláusula e respecto dos que se estableza este dereito na súa normativa nacional de referencia.

Sexta.- No caso de que a Campaña promocional implique a presentación por parte dos Participantes de calquera material susceptible de xerar dereitos de propiedade intelectual (incluído copyright) industrial, ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe ou de calquera outra natureza, tales como, entre outros, fotografías, vídeos ou calquera outro tipo de obra (en diante os «Materiais») deberán cumprirse os seguintes requisitos: (i) os Materiais poderán ser de calquera índole sempre que o motivo sexa o indicado nas presentes Bases, (ii) os Materiais non poderán mostrar ou reproducir a imaxe de ningún menor de dezoito (18) anos, (iii) os Materiais non poderán mostrar ou reproducir a imaxe de ningún terceiro. Se, excepcionalmente, a dinámica do Concurso implica a necesidade de que os materiais inclúan a imaxe dun terceiro, será necesario que o participante obtivese previamente o consentimento expreso deste para a presentación dos Materiais á Campaña promocional, a explotación da súa imaxe persoal con fins comerciais, publicitarios ou análogos e cos efectos de promoción da presente Campaña promocional e a concesión da licenza establecida nas presentes Bases, debendo remitir os Participantes ao enderezo indicado nas presentes Bases o documento acreditativo da obtención do consentimento de terceiros que determine o Promotor, (iv) os Materiais non poderán reproducir de maneira ilícita unha obra allea, entendendo por tal a reprodución da obra non autorizada polo seu autor ou pola Lei, produtos, marcas ou calquera outro signo distintivo de terceiros, (v) os Materiais non deberán resultar conforme ao criterio do Promotor, ilícitos, ofensivos, difamatorios, desapropiados ou contrarios á normativa vixente, a moral ou á orde pública, e (vi) os Materiais non poderán incumplir ningunha das políticas ou condicións de uso da Rede Social.

Así mesmo, no caso de que a Campaña promocional implique a presentación de Materiais por parte dos Participantes, a participación na Campaña promocional implica e constitúe: (i) a concesión por parte de todos e cada un dos Participantes ao Promotor dunha licenza mundial e gratuíta para a explotación por parte do Promotor e/ou calquera terceiro autorizado polo Promotor dos Materiais (incluídos os dereitos de reprodución, comunicación pública, difusión e transformación destes), a través dos Medios web e unicamente aos efectos de promocionar a Campaña promocional, que se estenderá durante o desenvolvemento da Campaña promocional e os seis meses seguintes á súa finalización, (ii) a concesión por parte de todos e cada un dos Participantes ao Promotor, tanto no seu propio nome e representación como en nome e representación dos terceiros que poidan aparecer nos Materiais, dunha licenza mundial e gratuíta para a explotación por parte do Promotor e/ou calquera terceiro autorizado polo Promotor da imaxe incorporada aos Materiais, a través dos Medios web e unicamente aos efectos de promocionar a Campaña promocional, que se estenderá durante o desenvolvemento da Campaña promocional e os seis meses seguintes á súa finalización.

As licenzas concedidas conforme ao mencionado no parágrafo inmediatamente anterior, enténdense realizadas con facultade de cesión a terceiros (exclusivamente aos efectos imprescindibles para o desenvolvemento, realización e xestión da Campaña promocional, conforme ao establecido nas presentes Bases), e por un prazo dende a data de inicio da Campaña promocional ata seis (6) meses contados a partir da data de publicación dos Gañadores da Campaña promocional no Sitio web. Unha vez cumprido o prazo indicado, o Promotor absterase de seguir utilizando calquera dos elementos obxecto das licenzas establecidas na presente Cláusula. Con todo, non constituirá incumprimento algún o uso continuado e involuntario destes a través dos Medios web, sempre que o Promotor adopte medidas razoables para asegurar a retirada e o cesamento do seu uso, unha vez finalizado o período previsto ou cando a propia utilización deses elementos, debido á súa natureza, se prolongue máis aló do prazo indicado. Os Participantes recoñecen e aceptan que, dada a natureza propia de Internet e as características inherentes ao ámbito dixital no que se desenvolverá a Campaña promocional, unha vez publicados os Materiais a través do Sitio web é posible que estes, así como o resto de elementos obxecto das licenzas establecidas nesta Cláusula, permanezan dispoñibles a través de Internet, sen limitación temporal ou territorial algunha e fóra do control e responsabilidade do Promotor.

Sétima.- Con independencia de calquera outra medida establecida nas presentes Bases, o incumprimento dalgún dos termos recollidos nas presentes Bases, en calquera fase ou momento da Campaña promocional, poderá levar á eliminación do Participante e/ou á retirada dos Materiais en cuestión, segundo sexa o caso, e sempre a criterio exclusivo do Promotor.

Oitava.- O Premio é persoal, intransferible e non se pode trocar en ningún caso por diñeiro ou por calquera outro ben ou servizo. O Premio componse única e exclusivamente dos elementos indicados nas presentes Bases, polo que o Promotor non asumirá custo algún adicional distinto dos mencionados nas Bases.

Novena.- Na Data de publicación dos Gañadores da Campaña promocional, tal e como se indicou anteriormente, o Promotor anunciará publicamente os Gañadores da Campaña promocional a través do seu Sitio web e contactará con cada un deles para informarlles da súa condición de Gañadores e coordinar a entrega do correspondente Premio,

facendo uso dos enderezos de correo electrónico proporcionados no marco da Campaña promocional. A efectos de facer pública a resolución da Campaña promocional e os Gañadores, o Promotor estará autorizado a difundir os seus nomes a través do Sitio web e os Medios web. Así mesmo, directamente ou a través de terceiros, o Promotor estará autorizado a entrevistar, fotografar e/ou gravar aos Gañadores, no momento da recepción do Premio e/ou o goce deste, comprometéndose a prestar a súa colaboración a tal efecto e consentindo o uso do material en cuestión nas mesmas condicións que as previstas nas presentes Bases respecto aos Materiais e ademais mediante a súa publicación a través de calquera medio escrito, tales como xornais, revistas e newsletters, entre outros.

Décima.- Entenderase que os Gañadores desisten e renuncian ao seu dereito ao Premio no caso de que, dentro do prazo establecido na cláusula Primeira das presentes Bases, non respondan (ou non o fagan satisfactoriamente) ás comunicacións do Promotor, así como no caso de que non se puidese entregar o Premio aos Gañadores por causas alleas ao Promotor. Nestes casos, ao igual que cando se produza calquera outra renuncia por parte dalgún dos Gañadores ao seu dereito ao Premio, o Promotor, no seu caso, adxudicará o Premio aos suplentes. Noutro caso, terá liberdade absoluta para adxudicar o Premio a outro Participante ou declarar a Campaña promocional deserta. En ningún caso o vencemento do prazo indicado nesta Cláusula ou a renuncia ao Premio suporán motivos de nulidade ou revogación das licenzas concedidas en virtude das presentes Bases.

A entrega do Premio realizarase no tempo e forma legalmente establecidos. Para a entrega do Premio, o Promotor poderá requirir a acreditación da identidade dos Gañadores. A entrega e goce do Premio poderán condicionarse á sinatura previa por parte dos Gañadores dun documento de aceptación do premio cuxo contido se axustará en todo caso ao establecido nas Bases. O incumprimento dese requisito, no caso de ser solicitado polo Promotor, suporá a renuncia expresa ao Premio e a súa asignación ás persoas correspondentes con arranxo ao parágrafo anterior ou a declaración da Campaña promocional deserta, segundo sexa o caso.

A normativa tributaria pode esixir a aplicación de retencións ou ingresos a conta sobre o Premio, así como a sinatura por parte dos Gañadores de determinados documentos fiscais relativos a tales retencións ou ingresos a conta. En todo caso, será a cargo dos Gañadores calquera taxa, xuro ou figura análoga que, conforme á normativa aplicable, estes deban satisfacer. O Promotor quedará por tanto relevado de calquera responsabilidade fiscal dos Gañadores.

Decimo primeira.- A participación na Campaña promocional implica e constitúe, ademais doutros elementos mencionados nas presentes Bases: (i) a aceptación destas Bases e das condicións e termos de uso da Rede social, e (ii) o outorgamento por parte dos Gañadores ao Promotor e/ou calquera terceiro autorizado polo Promotor, dunha autorización para a utilización do seu nome propio cos efectos de facer público o nome dos Gañadores no Sitio web e nos Medios web.

Decimo segunda.- Mediante a súa participación na Campaña promocional, os Participantes manifiestan e garanten o seguinte: (i) aceptar as presentes Bases, (ii) reunir todos os requisitos necesarios aos efectos aquí previstos, (iii) que a información e/ou os datos facilitados no marco da Campaña promocional sexan veraces e exactos, (iv) contar con todas as autorizacións e licenzas necesarias por escrito, conforme ao establecido nestas Bases, e/ou seren titulares de todos os dereitos (incluídos, entre outros, os dereitos de propiedade intelectual ou industrial, ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe ou de calquera outra natureza), sobre os Materiais, (v) no caso de que sexa necesario, ter obtido por escrito por parte dos terceiros que aparecen nos Materiais o dereito a explotar a súa propia imaxe incluída nos Materiais, e o dereito a transferir ou licenciar dito dereito a calquera terceiro, coa extensión necesaria para permitir a explotación dos Materiais, a través dos medios indicados na Cláusula Cuarta e unicamente cos efectos de promoción da Campaña promocional, e (vi) que os Materiais: (a) non infrinxen os dereitos (incluídos os dereitos de propiedade intelectual, industrial e ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, entre outros) de terceiros, (b) non inclúan frases, imaxes ou calquera outro elemento que poida vulnerar o dereito á intimidade, á imaxe ou ao honor das persoas, e (c) non infrinxen ningunha normativa que fose de aplicación.

De conformidade co anterior, os Participantes indemnizarán ao Promotor, e/ou a calquera outra empresa do Grupo Inditex, por todos os custos, danos ou prexuízos que se deriven de: (i) calquera reclamación de calquera natureza formulada por terceiros que aleguen que os Materiais infrinxen os seus dereitos, (ii) a inexactitude ou falsidade da información e/ou datos proporcionados e/ou divulgados a través do Sitio web, os Medios web, ou outros medios usados no marco da Campaña promocional, ou (iii) o incumprimento de calquera das garantías, promesas ou aseveracións establecidas nas presentes Bases.

Decimo terceira.- Sen prexuízo do disposto na cláusula anterior, o Promotor terá dereito a: (1) bloquear e eliminar calquera dos Materiais dispoñibles a través do Sitio web, os Medios web, ou outros medios usados no marco da Campaña promocional que, ao seu xuízo: (i) se puidesen considerar ilícitos, ofensivos, desapropiados, ou contrarios á

moral ou á orde pública, ou de calquera outro modo se puidese considerar que infrinxen os dereitos de terceiros e/ou calquera normativa que fose aplicable, (ii) por calquera motivo impidan ou dificulten a participación na Campaña promocional, o acceso ao Sitio web, aos Medios web, ou a outros medios usados no marco da Campaña promocional, ou (iii) infrinxan calquera das disposicións das presentes Bases, (2) impedir discrecionalmente o acceso ao Sitio web, aos Medios web, ou a outros medios usados no marco da Campaña promocional, por parte dos Participantes que, ao seu xuízo, infrinxan calquera das estipulacións ou garantías establecidas nas presentes Bases.

Decimo cuarta.- O Promotor non será responsable: (i) das deficiencias, o colapso ou mal funcionamento dos sistemas de telecomunicacións, da Aplicación, do Sitio web, dos Medios web, ou doutros medios usados no marco da Campaña promocional, nin da tardanza na transmisión dos Materiais, nin da súa perda que se poida producir por calquera destas circunstancias, (ii) das deficiencias, danos ou perdas que se poidan producir aos Participantes como consecuencia do uso da Aplicación ou das aplicacións informáticas de terceiros necesarias para participar na Campaña promocional, ou aquelas outras aplicadas sobre o Sitio web, os Medios web, ou outros medios usados no marco da Campaña promocional, (iii) do uso que terceiros, incluídos os usuarios de Internet, poidan facer dos Materiais que sexan divulgados publicamente no marco da Campaña promocional. O Promotor non será responsable das tardanzas, perdas ou deterioracións por causas que non lle sexan imputables. O Promotor tampouco responderá dos casos de forza maior (como, por exemplo, folgas) que puidesen impedir aos Gañadores o goce total ou parcial do Premio. O Promotor quedará exento de toda responsabilidade no caso de que se produzan algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade polos danos e prexuízos que se puidesen ocasionar durante o goce do Premio.

Decimo quinta.- Política de Privacidade da Campaña promocional.

Os datos persoais que os Participantes proporcionen para participar na Campaña promocional mediante o procedemento descrito nestas Bases serán utilizados polo Promotor como Responsable do Tratamento, así como polas empresas que figuran como titulares dos Sitios web nos diferentes países onde se leva a cabo a Campaña promocional, coa finalidade de levar a cabo o desenvolvemento, execución e xestión da Campaña promocional e, de acordo coa dinámica da Campaña promocional, para difundir o seu nome e imaxe en Internet a través do Sitio web e Medios web, para o desenvolvemento, execución e explotación ou promoción comercial dos resultados da Campaña promocional. A base legal para o tratamento destes datos é a execución das condicións establecidas nas presentes Bases.

Igualmente, para cumprir a finalidade indicada, os Participantes e Gañadores quedan informados de que é necesario que o Promotor proporcione acceso aos seus datos persoais a entidades do Grupo Inditex na medida en que estean directamente implicadas no desenvolvemento, execución e difusión da Campaña promocional (cuxas actividades se relacionen cos sectores de decoración, téxtil, de produtos acabados de vestir e do fogar, así como con outros complementarios dos anteriores, incluídos os de cosmética e marroquinería, así como o desenvolvemento e soporte de actividades de comercio electrónico) e a terceiras partes que presten apoio ao Promotor na xestión da Campaña promocional, como servizos tecnolóxicos, así como, no caso de resultar necesario pola dinámica da Campaña promocional, a terceiros profesionais relacionados co sector da loxística, transporte ou mensaxería e/ou a terceiros colaboradores para dar acceso ao premio.

En determinados casos e por eficiencia do servizo, algúns dos provedores mencionados pódense atopar en territorios situados fóra do Espazo Económico Europeo, onde non se proporciona un nivel de protección de datos equiparable ao da Unión Europea. Nestes casos, os Participantes foron informados de que os seus datos serán transferidos con garantías adecuadas e sempre gardando a seguridade dos seus datos, como as Cláusulas Contractuais Tipo. Os Participantes poden consultar o contido desas cláusulas na seguinte ligazón: https://ec.europa.eu/info/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc_en

No caso de que no marco da Campaña promocional se presenten Materiais e nestes se reproduzan, ou doutro xeito no marco da Campaña promocional se faciliten, datos persoais de terceiros, os Participantes garanten ter informado aos devanditos terceiros e, no caso de ser necesario, ter obtido deles o consentimento necesario para as finalidades detalladas nas presentes Bases, incluída a difusión do seu nome, perfil e nome de usuario das redes sociais e imaxe en Internet a través do Sitio web e os Medios web, de cara ao desenvolvemento, realización e explotación comercial ou promoción dos resultados da Campaña promocional. O Promotor resérvase o dereito de solicitar aos Participantes e/ou Gañadores, acreditación de ter cumprido cos requisitos anteriormente mencionados para levar a cabo o tratamento dos seus datos persoais.

Unha vez finalizada a Campaña Promocional, así como todas as xestións ou promocións relativas a esta, procederase á eliminación dos datos persoais recompilados nas correspondentes bases de datos cuxa finalidade sexa xestionar a Campaña promocional, nun prazo de seis (6) meses, incluídos os datos persoais propios ou de terceiros que puidesen

conter os Materiais, agás nos casos nos que dada a natureza propia dos Medios web e as características inherentes ao ámbito dixital no que se desenvolverá a Campaña promocional, permanezan dispoñibles na internet, manterase a autorización dos dereitos mencionados na sexta cláusula destas Bases legais.

Dereitos de protección de datos: En todo caso, os Participantes, Gañadores e/ou terceiros, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade así como calquera outro que lles puidese corresponder de conformidade coa normativa de protección de datos que resulte de aplicación, enviando un correo electrónico: dataprotection@bershka.com, incluíndo no asunto «SORTEO VIAXE A LONDRES CON VOOS, CONCERTO DE MADISON BEER, HOTEL E MÁIS DO 28 AO 31 DE MAIO DE 2026» e indicando o dereito que se desexa exercer. No caso necesario, o Promotor poderá solicitarlle información adicional para poder identificalo.

Así mesmo, os Participantes e/ou Gañadores poderán contactar coa persoa Delegada de Protección de Datos para calquera consulta relacionada coa protección de datos escribindo un correo electrónico a dataprotection@bershka.com. Igualmente, no caso de atoparse no Espazo Económico Europeo teñen dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control pertinente en materia de protección de datos: https://edpb.europa.eu/about-edpb/board/members_en.

Máis información: Para obter máis información sobre a utilización dos seus datos, os Participantes e/ou Gañadores poden consultar a Política de Privacidade de Bershka dispoñible de xeito permanente en www.bershka.com

Disposicións de protección de datos específicas por país:

Alemaña:

Dereitos de Protección de datos:

- Acceso: o dereito de acceso está limitado de acordo coa Sección 34 da Lei Federal de Protección de Datos alemá. O dereito de acceso, por exemplo, non se aplica se os datos (a) foron recollidos unicamente porque non se poden eliminar debido a disposicións legais sobre a conservación de datos, ou (b) serven unicamente para supervisar a protección de datos ou salvaguardar os datos, e proporcionar esta información requiriría un esforzo desproporcionado, e a adopción de medidas técnicas e organizativas axeitadas fai que o tratamento para outras finalidades sexa imposible.

- Supresión: o dereito de supresión, de acordo coa Sección 35 da Lei Federal de Protección de Datos alemá, non se aplica, por exemplo, cando no tratamento non automatizado de datos isto fose imposible ou implicase un esforzo desproporcionado debido ao modo específico de almacenamento e se o teu interese na supresión se pode considerar residual. Nese caso, podes ter dereito a restrinxir o tratamento.

Francia:

Dereitos de Protección de datos: Tamén tes dereito a determinar as regras que rexen o destino dos teus datos despois do teu falecemento.

Italia:

Dereitos de Protección de datos: Informámoste de que, en certos casos (de acordo co artigo 2 do Decreto Lexislativo Regulador do 10 de agosto de 2018, núm. 101, que implementa o GDPR en Italia), como cando o responsable do tratamento de datos teña que exercer accións legais ante os tribunais, o exercicio dos teus dereitos de protección de datos pode verse afectado e atrasado, limitado ou excluído. Neste caso, a parte responsable proporcionarache sen demora unha explicación motivada e poderás contactar coa Autoridade de Protección de Datos para verificar se o atraso, a limitación ou a exclusión do exercicio dos teus dereitos ten unha xustificación legal.

Decimo sexta.- *A presente Campaña Promocional non está patrocinada, avalada, administrada nin asociada en modo algún coa Rede social. Os Participantes exoneran completamente á Rede social de toda responsabilidade. A información que proporcionen os Participantes no marco da Campaña promocional non lla proporcionan á Rede social, senón ao Promotor.*

Decimo sétima.- *As presentes Bases rexeranse pola lexislación española. No caso de discrepancia entre as versións das Bases en distintos idiomas, prevalecerá a versión en castelán.*

Decimo oitava.- *As presentes Bases resultan de aplicación aos Participantes sen prexuízo do respecto á normativa imperativa que poida resultar de aplicación.*

.....

REQUISITOS:

- O Gañador e o seu acompañante deberán estar dispoñibles para viaxar nas datas indicadas nestas bases.
- O Gañador e o seu acompañante deberán cumprir cos requisitos de visado e entrada ao país. Os custos asociados aos visados ou á documentación de viaxe non están incluídos no premio. No caso de non cumprirse esta condición, entenderase que o gañador non cumpre cos requisitos establecidos e procederase á selección dun suplente.
- Debido a posibles cambios nas recomendacións internacionais de viaxe, os gañadores deberán consultar as recomendacións oficiais e asegurarse de cumprir todos os requisitos de entrada ao Reino Unido.

PREMIO:

- Viaxe de ida e volta para 2 persoas a Londres do 28 ao 31 de maio de 2026.
- O premio inclúe o transporte de ida e volta para dúas persoas desde o aeroporto máis próximo ao lugar de residencia do gañador ata Londres, suxeito a dispoñibilidade, así como unha peza de equipaxe facturada por pasaxeiro cando corresponda.
- O aeroporto ou estación de saída será o punto de transporte internacional máis próximo ao domicilio do gañador con conexións dispoñibles a Londres.
- Traslados Aeroporto–Hotel e Hotel–Aeroporto, así como un condutor privado durante a estadia para as actividades descritas nestas bases.
- Aloxamento de 3 noites para 2 persoas no hotel 4★ Hoxton Hotel Holborn, en habitación dobre con baño privado e almorzo incluído.
- Cea nos restaurantes Bacchanalia (28 de maio) e Amazonico (29 de maio) para dúas persoas, cun menú de dous pratos do menú principal e unha bebida por persoa (suxeito a dispoñibilidade no momento da reserva).
- Xantar en Sushi Samba (30 de maio) para dúas persoas, cun menú de dous pratos do menú principal e dous cócteles por persoa.
- Experiencia privada en cápsula no London Eye (29 de maio), cunha duración aproximada de 1 hora e incluíndo unha copa de champaña por persoa.
- Entradas DICE para o concerto de Madison Beer (localización por confirmar no momento de recibir o premio).
- O seguro de viaxe está incluído, suxeito ás condicións habituais da póliza (no caso de que non sexa posible contratar o seguro de viaxe en nome do gañador, poderase proporcionar unha compensación económica de 60 £).
- Todas as experiencias están suxeitas á dispoñibilidade no momento da reserva.

NON INCLUÍDO:

- Calquera gasto persoal non expresamente incluído nestas bases.
- Bebidas, comidas ou consumicións adicionais non especificadas dentro do itinerario descrito.
- Servizo de habitacións (room service), minibar ou calquera outro consumo dentro do hotel non indicado.
- Traslados ou transportes distintos dos incluídos no premio (incluíndo desprazamentos persoais dentro da cidade).
- Gastos derivados de cambios solicitados polo gañador en voos, aloxamento ou actividades.
- Seguros adicionais distintos ao seguro de viaxe incluído.
- Gastos derivados da documentación persoal necesaria para a viaxe (DNI, pasaporte, visados, etc.).
- Calquera gasto derivado da perda, roubo ou dano de obxectos persoais.
- Actividades, experiencias ou servizos non detallados explicitamente na descrición do premio.
- Propinas ou gastos adicionais en restaurantes ou experiencias, salvo que se indique o contrario.
- Calquera gasto médico ou sanitario non cuberto polo seguro de viaxe incluído.